



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Mesa de Contratación. Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)
Gonzalo Alonso Álvarez (vogal Intervención)
José Javier García Gago (vogal Asesoría xurídica)
José Javier Rivera Martínez (secretario)
Francisco Lorenzo López (vogal: Concelleiro de Infraestruturas)
Silvia Alonso Fernández (vogal: Oficial Maior)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 12:30 horas do 10.09.2024, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Apertura do arquivo electrónico tres, correspondente aos criterios de avaliación matemática e, no seu caso, adopción dos acordos que procedan, referente á seguinte licitación:

— CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO DO CONTRATO DE SUBMINISTRO, INSTALACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DECORATIVOS DO ALUMEADO DE NADAL DO CONCELLO DE OURENSE 2024- 2025 (EXPTE. Nº 2024020609).

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

O secretario pregunta aos membros asistentes se, á vista das ofertas recibidas, se atopan nalgunha situación susceptible de xerar conflito de intereses. Ningún dos asistentes manifesta atoparse en situación de conflito de intereses.

Por parte dos integrantes da Mesa procédese á apertura do arquivo electrónico tres, oferta económica, referente ao expediente para contratar por procedemento aberto e trámite ordinario a subministración, instalación en réxime de aluguer de elementos decorativos do alumeadado de Nadal do Concello de Ourense 2024- 2025 (expediente nº 2024020609), concluíndo o proceso de descifrado do arquivo ás 13:55 horas, segundo consta na plataforma Vortal, sendo o contido da única oferta admitida na licitación o seguinte:

NÚM	EMPRESA	Prezo S/IVE	% Bai-xa	Nº arcos (máx 40)	Nº motivos para farolas (máx 35)	Nº rúas elem.tri-dim (máx 5)
1	Iluminaciones Ximenez SA	490.090,91 €	1%	40	35	5

AVALIACIÓN E ORDENACIÓN DECRECENTE DAS OFERTAS

O artigo 14 do PCAP establece os seguintes criterios de adxudicación avaliábeis mediante fórmula (ata 50 puntos):

1.- Oferta Económica: (Ata 30 puntos)





Avaliarase outorgando 30 puntos á oferta economicamente máis baixa, valorándose o resto das ofertas restando 0,30 puntos por cada 1% de diferenza entre cada oferta a valorar e a mellor oferta.

O resultado será obxecto de redondeo a dous decimais.

2.- Arcos suplementarios: (ata 8 puntos).

Outorgaranse 8 puntos aos Arcos suplementarios que se ofrezan a maiores dos mínimos establecidos no prego de prescricións técnicas, atribuíndo un punto por cada 5 arcos suplementarios sendo de conta do Concello a elección da localización.

3.- Motivos farola suplementarios (ata 7 puntos)

Outorgaranse ata **7 puntos** aos motivos para farolas suplementarios que se ofrezan a maiores dos mínimos establecidos no prego de prescricións técnicas, atribuíndo **un punto por cada 5 motivos suplementarios** sendo de conta del Concello a elección da localización.

4.- Número de rúas con elementos tridimensionais (ata 5 puntos).

Outorgaranse 5 puntos ás rúas que se ofrezan con elementos tridimensionais, podendo combinarse cos arcos, atribuíndose 1 punto por cada rúa, sendo potestade do Concello a elección da localización e os elementos que se van a instalar.

O resultado da avaliación do sobre tres é o seguinte:

EMPRESA	(1) Puntos prezo	(2) Puntos arcos	(3) Puntos motivos	(4) Puntos Nº de rúas	TOTAL
Iluminaciones Ximénez SA	30	8	7	5	50

Segundo o artigo 13 do PCAP se presumirá que a oferta presenta valores anormalmente baixos cando, concorrendo un so licitador, sexa inferior ao orzamento de licitación en máis de 25 unidades porcentuais. A baixa é do 1%, polo que non se atopa en situación de anormalidade.

Á vista das actuacións anteriores, de conformidade co disposto no artigo e 150.1 da LCSP e o artigo 15 do PCAP, a Mesa de Contratación eleva a seguinte proposta á Concelleira de Contratación, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público – LCSP e acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de 19/04/2024):

“Primeiro.- Avaliar e clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación e os criterios de desempate previstos non prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da subministración, instalación en réxime de aluguer de elementos decorativos do alumeadado de Nadal do Concello de Ourense 2024- 2025 (expediente 2024020609) na seguinte orde decrecente:

NÚM	EMPRESA	Puntos sobre 2	Puntos sobre 3	Total
1	Iluminaciones Ximénez SA	33,50	50	83,50





Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza de San Martiño, nº 2 -1
32005-Ourense
Tfno. 988 269 333
e-mail: contratacion@ourense.es

Segundo.- Requirir a Iluminaciones Ximénez SA para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación acreditativa de ter depositado na Tesourería municipal a garantía definitiva, por importe de 5% do prezo de adjudicación, IVE excluído (24.504,55 €) en calquera das formas previstas no artigo 108 da Lei 9/2017, de contratos do sector público (LCSP), e para que en idéntico prazo achegue a documentación que establece o artigo 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, acreditativa do cumprimento dos requisitos previos aos que alude o artigo 140 da LCSP”.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

